

EXTRACTO DO BORRADOR DA ACTA

da sesión ORDINARIA, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día

30 de marzo de 2017

No Salón de Sesiões do Excmo. Concello de Lugo, ás dez horas e cinco minutos do día trinta de marzo de dous mil dezasete; baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, reúnen os concelleiros e concelleiras SR. DON JAIME CASTIÑEIRA BROZ, SRA. DONA ANA MARÍA LÓPEZ POMBO, SRA. DONA MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ, SR. DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO, SRA. DONA MARÍA DEL CARMEN PENELAS CELEIRO, SRA. DONA ISABEL DEVESA PIÑEIRO, SR. DON ENRIQUE CEFERINO ROZAS LÓPEZ, SR. DON MANUEL LÓPEZ FERNÁNDEZ, SRA. DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES TEIJEIRO GONZÁLEZ; ILMA. SRA. DONA ANA PRIETO NIETO, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico; ILMO. SR. DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes; ILMA SRA. DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua; ILMA SRA. DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión; ILMO. SR. DON XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal; ILMA SRA. DONA ROSANA RIELO ROZAS, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Concello e Cidadanía; ILMO. SR. DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Educación e Infraestruturas Urbanas, SR. DON SANTIAGO CELSO FERNÁNDEZ ROCHA, SRA. DONA MARÍA CRISTINA PÉREZ HERRÁIZ, SR. DON IGNACIO JAVIER GARCÍA GÓMEZ, SR. DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, SRA. DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, SRA. DONA MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ, SR. DON JESÚS EXPÓSITO LÓPEZ e SR. DON CARLOS ANXO PORTOMEÑE PÉREZ, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluído a presidenta.

DONA MARÍA DEL CARMEN PENELAS CELEIRO non se reincorpora á sesión despois do receso efectuado e DONA ANA MARÍA LÓPEZ POMBO abandona o salón de sesións cando se está a debater o asunto 16/56 da orde do día.

ACTAS E GOBERNO

CAL/jch

Refª: 17extractoap03

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2017

Dá fe do acto a Secretaria Xeral do Pleno Accidental, dona Carolina Álvarez López, dona Carolina Álvarez López, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Marcial Rodríguez Toajas.

Aberto o acto, a EXCMA. SRA. ALCALDESA- PRESIDENTA manifesta a repulsa da Corporación municipal ante os últimos actos de violencia machista.

Seguidamente entráse no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, os seguintes acordos:

INTERVENCIÓN

1/41 **EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 2/2017.-** O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposta de acordo subscrita pola Concelleira Delegada de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico pola que se propoñía a aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 2/2017.

CONTRATACIÓN

2/42 **PROPOSTA DE APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN AMANCIO ORTEGA -FAO-, O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE LUGO PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA ESCOLA INFANTIL 0-3 NO CONCELLO DE LUGO.-** O Excmo. Concello Pleno adoptou os seguintes **ACORDOS**:

PRIMEIRO.- Aprobar o texto e a sinatura do CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN AMANCIO ORTEGA E O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR, o texto do cal é do seguinte teor literal:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN AMANCIO ORTEGA, O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE LUGO PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA ESCOLA INFANTIL 0-3 NO CONCELLO DE LUGO

Lugo, de de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, Don Óscar Ortega Chávez, Director Xeral da Fundación Amancio Ortega que foi constituída en escritura pública outorgada na Coruña con data de 10 de xullo de 2001, clasificada como fundación mixta por Orde do 3 de setembro de 2001 (DOG núm. 176, do 11 de setembro) e declarada de interese galego por Orde do 12 de setembro de 2001 (DOG núm. 186, do 25 de outubro).

2

Doutra parte, Don José Manuel Rey Varela, Conselleiro de Política Social, nomeado polo Decreto 126/2015, do 4 de outubro (DOG núm. 190 do 4 de outubro 2015), e Presidente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar en virtude do previsto no artigo 13 dos Estatutos do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, publicados no DOG, núm. 131 do 7 de xullo de 2006, de conformidade coas atribucións que lle encomendan os artigos 18 e demais concordantes dos referidos Estatutos.

E doutra, Dona Lara Méndez López actuando en representación do Concello de Lugo, en virtude da súa condición de Alcaldesa da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 61 da Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

As partes, no nome e representación nos que concorren e coa capacidade legal suficiente para este acto:

EXPOÑEN

I. Que a Fundación Amancio Ortega (en diante a FAO), declarada de interese galego por Orde do 12 de setembro de 2001 (DOG núm. 186, do 25 de setembro), ten por obxecto a promoción, fomento, desenvolvemento, execución e financiamento de todo tipo de actividades que coadxuven á difusión e extensión da cultura, da educación, da investigación e da ciencia en calquera das súas manifestacións, así como á asistencia social e o benestar das persoas.

II. Que a Fundación Amancio Ortega está interesada en colaborar á mellora das condicións e oferta das prazas públicas do primeiro ciclo de Educación Infantil existentes na Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a construción de edificios e/ou instalacións axeitadas.

III. Que o Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado por Lei Orgánica 1/1981, dispón no seu artigo 31, que corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia para o desenvolvemento lexislativo e execución da ensinanza en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, de conformidade co disposto no artigo 27 da Constitución e as leis orgánicas que o desenvolven, sen prexuízo das facultades que atribúe ao Estado o artigo 149.1.30.

IV. Que o artigo 15.1 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, establece que as Administracións Públicas deben promover un incremento progresivo da oferta de prazas públicas no primeiro ciclo de Educación Infantil, establecendo ademais as políticas de cooperación entre elas e con outras entidades para asegurar a oferta educativa neste ciclo.



ACTAS E GOBERNO

CAL/jch

Refª: 17extractoap03

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2017

V. Que o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (en diante o Consorcio) é unha entidade de dereito público, de carácter interadministrativo, creada en virtude de convenio de colaboración, de data 3 de xullo de 2006, constituído pola Xunta de Galicia e diversos concellos galegos coa finalidade de participar na dirección, avaliación e control da xestión dos servizos sociais de ámbito local no ámbito territorial dos entes consorciados, con especial atención na xestión integral de escolas infantís e na atención educativa e asistencial aos nenos e nenas menores de tres anos na forma de recursos, equipamentos, proxectos, programas e prestacións.

VI. Que o Concello de Lugo (en diante o Concello), baseado na aprobación e sinatura do presente convenio, elevará á Xunta de Goberno Local a aprobación da mutación demanial a favor do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, dun terreo propiedade municipal de 3.800 m², co fin de construír unha Escola infantil 0-3, de 6 unidades (82 prazas).

O dito terreo forma parte dunha parcela de titularidade municipal de 6.032 m². e ten un fronte de 76 m. que dá a nunha rúa de nova apertura, paralela á Avda Paulo Fabio Máximo, e ten un fondo de 50 m., cunha edificabilidade de 1.887,92 m². A citada parcela municipal (6.032 m²), atópase inscrita a nome deste Concello no rexistro da propiedade nº 1 de Lugo, no tomo 1.974, libro 1.535, folio 2210, finca 124.637 e inscrición 1ª, e que está cualificada como solo de equipamento no PXOM.

A dita mutación demanial ten unha duración de vinte e cinco anos prorrogables por outros vinte e cinco anos máis.

VII. Que con data de 11 de febreiro de 2015, a FAO e o Consorcio asinaron un convenio para a construción de escolas infantís da rede pública de Escolas Infantís 0-3 de Galicia así como a dotación do mobiliario para a súa adecuada posta en funcionamento, unha vez finalizadas as obras de construción, podendo estenderse a devandita colaboración á construción de centros de atención con dependencias para a promoción da autonomía persoal, sempre que fose posible, tras a expresa aprobación da FAO, e unha vez constatada a súa necesidade e viabilidade dos mesmos, así como do seu mantemento.

En desenvolvemento do antedito convenio de colaboración entre a Fundación e o Consorcio, as partes formalizan o presente convenio de colaboración coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto.

É obxecto deste convenio definir o marco de colaboración entre a FAO, o Consorcio e o Concello para a construción pola FAO dunha Escola infantil no Concello de Lugo, así como a dotación do mobiliario para o seu adecuado funcionamento, unha

4

CSV: +clqal++iwzYl6FKO8Szyg==

SINATURAS

CAROLINA ÁLVAREZ LÓPEZ - SECRETARIA
XERAL DO PLENO, ACCTAL - ACTAS E GOBERNO

PAXINA: 4 / 14

DATAS(UTC)

07/04/2017 08:05:35

vez finalizadas as obras de construción, e a posterior doazón ao Consorcio do equipamento construído para que quede integrado no seu patrimonio formando parte da súa rede pública de centros.

SEGUNDA.- Marco xeral de colaboración.

Co fin de posibilitar a realización das actuacións previstas ao abeiro deste convenio defínense as seguintes liñas básicas de actuación:

a) O Consorcio e o Concello realizarán todos os trámites que sexan necesarios para a formalización da mutación demanial en favor do Consorcio do terreo descrito no expoñendo VI, para a construción nela dunha escola infantil 0-3.

Soamente a estes efectos, o Concello comprométese á acordar a súa integración no Consorcio así como a aprobación dos estatutos polos que se rexe o seu réxime orgánico, funcional e financeiro, asinando o convenio de incorporación única e exclusivamente no que afecta á xestión da escola infantil 0-3 obxecto do presente convenio. Na súa consecuencia, esta adhesión do Concello ao Consorcio non afectará, en ningún caso, ao resto dos servizos nin escolas infantís municipais que puideran estar relacionados ou relacionadas con él.

b) O Consorcio, no prazo de un mes desde a sinatura deste convenio, porá a disposición da FAO o terreo descrito no expoñendo VI, conservando a súa condición de ben de titularidade pública, e asinándose a correspondente acta de entrega do mesmo.

c) Unha vez posto o terreo a disposición da FAO, esta responsabilizarase, con cargo ao seu patrimonio, por si mesma ou por medio de terceiros, da redacción do proxecto, construción, equipamento e dotación inicial de mobiliario e material didáctico para o seu adecuado funcionamento, dunha escola infantil no terreo posto a disposición.


d) Rematada a súa construción, equipamento e dotación inicial do mobiliario e material didáctico a FAO doará ao Consorcio ou, de ser o caso, o ente público que asuma as súas competencias, o equipamento construído e este quedará integrado no patrimonio do Consorcio formando parte da rede pública de centros, correspondéndolle a responsabilidade da súa posta en funcionamento.

e) Transcorrido o prazo previsto para a mutación demanial do terreo a favor do Consorcio, producirase a reversión gratuíta de todo o construído no mesmo, obxecto da mutación demanial ao patrimonio municipal, debendo manterse o uso do inmovible, cando menos, por un período de cincuenta anos.

TERCEIRA.- Construción do centro e licenza de obras.

a) A FAO entregará ao Consorcio o proxecto de construción, equipamento e dotación inicial de mobiliario e material didáctico para que a través dos seus servizos técnicos emita informe favorable sobre o cumprimento dos requisitos normativos e funcionais, e para que este realice cantos trámites sexan necesarios para a obtención de todos os informes sectoriais, permisos, autorizacións e licenzas para a construción da escola infantil e o inicio da actividade.

b) O Concello de Lugo comprométese á realización das obras que sexan necesarias para a urbanización do terreo obxecto de mutación demanial, así como



ACTAS E GOBERNO

CAL/jch

Refª: 17extractoap03

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2017

á tramitación das licenzas, autorizacións e permisos que desde o Consorcio sexan solicitados ao Concello de Lugo para a construción da escola infantil.

O Concello comprométese tamén a facilitar os informes, permisos, autorizacións e/ou licenzas que sexan necesarios para a realización da actuación obxecto deste convenio, previa a tramitación regulamentariamente establecida para elo.

Neste eido, o Concello de Lugo asume o compromiso de facer efectiva unha achega municipal a favor do Consorcio por un importe de 30.000 €. Para estes efectos o Concello de Lugo inserirá no orzamento do 2017 unha partida co carácter de subvención nominativa a favor do Consorcio polo nomeado importe para as finalidades que lle son propias.

c) A construción, equipamento e dotación inicial de mobiliario e material didáctico para o adecuado funcionamento da escola infantil será responsabilidade da FAO.

CUARTA. Prazos para execución e posta en funcionamento

O prazo máximo para o inicio da obra de construción, unha vez posto o terreo a disposición da FAO, será de seis meses desde a obtención dos permisos ou licenzas necesarias para elo, non podendo transcorrer máis de doce meses desde a data de inicio ata a súa finalización.

A posta en funcionamento da escola infantil realizarase no mes de setembro inmediatamente posterior á recepción da obra, non podendo transcorrer un prazo superior a vinte e seis meses entre a posta do terreo a disposición da FAO e a posta en funcionamento da escola infantil.

QUINTA. Establecemento do servizo

As prazas de educación infantil que se creen serán de titularidade pública, asumindo o Consorcio a responsabilidade da posta en funcionamento da escola infantil no prazo previsto na cláusula anterior e, comprometéndose o Concello á sinatura do correspondente convenio de colaboración co Consorcio para a xestión da escola infantil. Unicamente a estes efectos, o Concello comprométese a acordar previamente a súa integración no Consorcio que afectará exclusivamente á xestión da escola infantil 0-3 obxecto do presente convenio, así como a aprobación dos estatutos polos que se rexe o seu réxime orgánico, funcional e financeiro, asinando o convenio de incorporación que rexerá exclusivamente para ditos efectos da escola infantil 0-3 financiada pola FAO. Na súa consecuencia, esta adhesión do Concello ao Consorcio non afectará, en ningún caso, ao resto dos servizos nin escolas infantís municipais que puideran estar relacionados ou relacionadas con él.

SEXTA. Publicidade das actuacións

Os actos relativos á información e comunicación das actuacións realizadas ao abeiro do presente convenio, así como os termos nos que se fará pública esta colaboración estableceranse pola Fundación Amancio Ortega, sen prexuízo do cumprimento das correspondentes obrigas en materia de publicidade por parte das administracións públicas asinantes deste convenio.



SÉTIMA. Comisión Mixta de seguimento.

O seguimento e avaliación das actuacións previstas ao abeiro do presente convenio encoméndase a unha comisión mixta que estará integrada por un representante do Consorcio, dous representantes da FAO e un representante do Concello, e que se reunirá cando así o solicite algunha das partes e, cando menos, cunha periodicidade semestral.

Esta comisión velará polo cumprimento dos obxectivos fixados no convenio e terá atribuídas ademais as seguintes competencias:

- a) *A supervisión do cumprimento dos prazos de execución e seguimento das obras da escola.*
- b) *A aprobación de modificacións de prazos, cando concorran circunstancias excepcionais debidamente xustificadas e así apreciadas no seo da comisión que determinen a imposibilidade de dar cumprimento aos prazos inicialmente previstos*
As discrepancias que xurdan no exercicio das competencias descritas así como as relativas á interpretación, modificación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola comisión, comprometéndose as partes a resolver de xeito amistoso estas discrepancias no seo da mesma.

OITAVA. Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio o mutuo acordo das partes e o incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas establecidas no mesmo. Non obstante, de producírense a xuízo da FAO desacordos reiterados no seo da comisión mixta de seguimento que dean lugar á imposibilidade de chegar a unha solución amistosa despois de, cando menos, dúas sesións, e que impidan a correcta execución e desenvolvemento do convenio, a FAO poderá instar a resolución deste. Neste caso, producirase a reversión do terreo a favor do Concello no estado no que se atope, sen que se xere dereito a obter ou esixir ningún tipo de compensación polas partes asinantes do convenio.


NOVENA. Duración

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e extinguirase co cumprimento das obrigas nos prazos previstos na cláusula cuarta do presente convenio, salvo resolución anticipada do mesmo segundo o previsto na cláusula anterior.

DÉCIMA. Carácter administrativo do convenio.

O presente convenio terá carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas cláusulas dos mesmo e no non previsto aplicaráselle os principios do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, para resolver as lagoas e dúbidas que puidesen presentarse.

As posibles cuestión litixiosas ás que poida dar lugar a aplicación, modificación, efectos e resolución do presente convenio serán resoltas de conformidade co establecido na Lei reguladora da xurisdición contencioso- administrativa.



ACTAS E GOBERNO

CAL/jch

Refª: 17extractoap03

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2017

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican, en triplicado exemplar, no lugar e data indicado no encabezamento.

- FUNDACIÓN AMANCIO ORTEGA, Óscar Ortega Chávez

- O PRESIDENTE DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR, José Manuel Rey Varela.

- A ALCALDESA DO CONCELLO DE LUGO, Lara Méndez López."

SEGUNDO.- Aprobar a integración do Concello de Lugo no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar exclusivamente no que afecta á escola infantil 0-3 anos financiada pola Fundación Amancio Ortega, obxecto do presente convenio que se aproba, non afectando en ningún caso ao resto dos servizos nin escolas infantís municipais, para o cal procederase á tramitación do correspondente convenio.

TERCEIRO.- Aprobar os Estatutos do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (DOG do 7 de xullo de 2006), ós únicos efectos da xestión da escola infantil 0-3 anos referida e obxecto do presente convenio, non afectando en ningún caso ao resto dos servizos nin escolas infantís municipais.

CUARTO.- Facultar á Excm. Sra. Alcaldesa-Presidenta del Excmo. Concello de Lugo para a execución de cantos trámites sexan pertinentes para o bo fin deste acordo e, en particular para a subscrición dos documentos pertinentes para a formalización e desenvolvemento da incorporación parcial ao Consorcio.

QUINTO.- Designar como representante deste Concello de Lugo nos órganos reitores do Consorcio Galego dos Servizos de igualdade e Benestar, aos efectos que correspondan en relación co presente convenio a D. Manuel Núñez López, Tenente de Alcalde Delegado de Educación e Infraestruturas Urbanas.

SEXTO.- Adoptar o compromiso de inserir no Presuposto Xeral da presente anualidade e dotar a cantidade de 30.000 euros á partida presupostaria que corresponda, en orde a conceder unha subvención nominativa no Presuposto do 2017 en favor do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

SÉTIMO.- Estar ao manifestado polo Xefe da Asesoría Xurídica no informe do 27 de febreiro de 2017, transcrito no expositivo 12º e polo Sr. Interventor no informe do 20 de marzo de 2017, transcrito igualmente no expositivo 14º, do presente acordo.

OITAVO.- Notificar a presente resolución ás partes interesadas indicando que pon fin á vía administrativa e contra ela pódese interpoñer:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998 del 13 de xullo Reguladora da

Xurisdición Contencioso-Administrativa, modificado pola Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto.


- Malia o anterior, no caso de interposición por parte dunha Administración de recurso contencioso-administrativo contra outra e, con carácter previo e potestativo, no prazo de DOUS MESES, contados dende a recepción da presente comunicación, poderá requirir a esta Xunta de Goberno Local, para que anule ou revogue o presente acto; requirimento que se entenderá rexeitado se non se contestara dentro do mes seguinte á súa recepción. De utilizarse esta vía, o prazo de DOUS MESES para interpoñer recurso contencioso-administrativo contará dende o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución do requirimento ou se entenda presuntamente rexeitado (artigos 44.2 e 3 e 46.6 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).
- Malia o exposto no primeiro parágrafo, en canto a interesados que non teñan condición de autoridades ou organismos públicos, e con carácter previo, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 4/1999 de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ante a Xunta de Goberno Local e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

PROPOSICIÓNS

3/43 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS-PARTIDO DE LA CIUDADANÍA, NÚMERO 68/2017 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO IMPOSTO MUNICIPAL DE PLUSVALÍA.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a referida proposición presentada polo Grupo Municipal de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía.

4/44 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS-PARTIDO DE LA CIUDADANÍA, NÚMERO 69/2017 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A MELLORAS DAS INSTALACIÓNS DO COLEXIO ILLA VERDE E DA SEGURIDADE VIARIA NO SEU CONTORNO.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a referida proposición presentada polo Grupo Municipal de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía.

5/45 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-ASAMBLEAS ABERTAS, NÚMERO 82/2017 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A PEONALIZACIÓN DO RECINTO INTERIOR DA MURALLA E DO RAMO DA MOSQUEIRA NA RONDA DA MURALLA.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA:** Iniciar os trámites e estudos necesarios para que dentro deste ano 2017 se comence a peonalización total do recinto interior da Muralla e do tramo da Mosqueira na ronda da Muralla, sempre garantindo o acceso aos residentes,



ACTAS E GOBERNO

CAL/jch

Refª: 17extractoap03

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2017

empresarios, negocios, así como á carga e descarga e aos estacionamentos tanto públicos como privados que existen dentro do casco histórico.

6/46 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-ASAMBLEAS ABERTAS, NÚMERO 88/2017 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A REDACCIÓN DA ORDENANZA DE ESPECTÁCULOS CON ANIMAIS.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Iniciar, no menor prazo posible, os trámites de redacción ou modificación dunha ordenanza que regule os espectáculos con animais.

SEGUNDO.- Instar ao goberno galego a promover as modificacións necesarias na Lei 1/93, de 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en cautividade, de cara a evitar que se poidan instalar este tipo de espectáculos en terreos privados e sen consentimento municipal.

TERCEIRO.- Instar ao goberno galego a que prohiba a mutilación animal, agás que sexa por cuestións sanitarias.

7/47 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 90/2017 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á CONVOCATORIA DA MESA DE TRABALLO EN MATERIA DE TRANSPORTE.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA:** Instar ao Goberno Municipal a que convoque de forma inmediata a Mesa de Traballo en materia de transportes, para dar conta do estado da situación actual do transporte urbano, así como para permitir a participación, e ter en conta as propostas dos distintos grupos políticos e técnicos municipais, dentro da reordenación do transporte urbano de viaxeiros.

8/48 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 106/2017 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA AO ACORDO DE MODIFICACIÓN DO PXOM NO GARAÑÓN E O SEU ENTORNO.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA:** Convocar con urxencia para o vindeiro luns a reanudación da sesión de constitución da COMISIÓN PARA A DEFENSA DOS INTERESES DOS LUCENSES EN RELACIÓN Á UNIDADE DE ACTUACIÓN CS-5 (O GARAÑÓN) e que se inclúa na orde do día a valoración da proposta de elevar con urxencia ao Pleno o acordo de modificación puntual do PXOM con ordenación detallada na unidade de actuación URPI 58, antiga CS-5 (Garañón), e o seu entorno PERI 1 (antiga CS-9), así como a correspondente suspensión de licenzas.

9/49 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL LUGONOVO, NÚMERO 112/2017 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á CREACIÓN DE ITINERARIOS ESCOLARES SEGUROS NA CONTORNA DO CEIP DE ALBEIROS.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Que o Concello elabore un estudo pormenorizado no que se avalíen os principais puntos de risco presentes na zona e que se interveña para eliminalos e acondicionar eses espazos debidamente.

SEGUNDO.- Que, segundo as conclusións obtidas, se deseñen e poñan en marcha itinerarios escolares seguros que cumpran coas maiores garantías posibles de protección aos viandantes, tratando de mellorar asemade a súa mobilidade e autonomía.

10/50 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL LUGONOVO, NÚMERO 113/2017 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á ELABORACIÓN DUN ESTUDO DE CUSTOS E DUN REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DA AUGA.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA:**

PRIMEIRO.- A elaboración dun estudo de custos de todo o Servizo da Auga que permita coñecer que aspectos da súa xestión se poden mellorar e efectivizar antes de iniciar un proceso de reaxuste das tarifas públicas.

SEGUNDO.- A redacción e posta en vigor dun Regulamento da Auga que recolla e sirva como garante dos dereitos e obrigas tanto da cidadanía como da administración ao respecto da prestación deste servizo público.

11/51 PROPOSICIÓN DO GRUPO MIXTO (ACE-EU), NÚMERO 114/2017 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE A ELABORACIÓN DUN CENSO DE INMOBLES DESOCUPADOS OU EN ESTADO DE ABANDONO NO ÁMBITO DO PEPRI.- O Excmo. Concello Pleno, **ACORDA:** Instar á Xunta de Goberno Local a encargarse do servizo competente a elaboración dun censo municipal de inmobles desocupados ou en estado de abandono no ámbito do PEPRI, catalogados polo seu nivel de deterioro e a súa antigüidade.

12/52 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, NÚMERO 116/2017 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTAR AO GOBERNO DA XUNTA DE GALICIA A REPOÑER O SERVIZO DE TRANSPORTE DE VIAXEIROS DA LIÑA LUGO A PALAS DE REI POLA ESTRADA LU-P-2019 DURANTE A ÉPOCA NON LECTIVA.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA:** Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a que, a través da Dirección Xeral de Mobilidade, dependente da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, manteña o servizo de autobús da liña que une os concellos de Lugo e Palas de Rei, pola Estrada LU-P-2091, durante os períodos lectivos e non lectivos.

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

ACTAS E GOBERNO



ACTAS E GOBERNO

CAL/jch

Refª: 17extractoap03

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2017

13/53 DEUSE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 13 DE FEBREIRO DE 2017, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS.

INTERVENCIÓN

14/54 DEUSE CONTA DO DECRETO NÚMERO 17002241, DO 15 DE MARZO DE 2017, DE APROBACIÓN DOS MARCOS ORZAMENTARIOS 2018-2020.

COMPARECENCIAS

15/55 COMPARECENCIA EN PLENO DO DELEGADO DA ÁREA DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE E PERSOAL, SOLICITADA POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 49/2017 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA CONVOCATORIA DA COMISIÓN PARA A DEFENSA DOS INTERESES DOS LUCENSES EN RELACIÓN COA CS-5 E O SEU CONTORNO (GARAÑÓN).-

16/56 COMPARECENCIA EN PLENO DA DELEGADA DA ÁREA DE CULTURA, TURISMO, XUVENTUDE E PROMOCIÓN DA LINGUA, SOLICITADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, NÚMERO 56/2017 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA CONTRATACIÓN DE CATRO CONCERTOS PARA OS MESES DE FEBREIRO, MARZO DE ABRIL DESTA ANO.-

ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS:

A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL LUGONOVO, NÚMERO 111/2017 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á APLICACIÓN NOS RADARES FIXOS DA CAPITAL DA MARXE DE ERRO, CONTEMPLADA POR LEI, EN TODOS OS TRAMOS DE SANCIÓNS.

C) DECLARACIÓNS INTITUCIONAIS

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DO POBO XITANO.- O Excmo. Concello Pleno, por unanimidade e a través desta declaración institucional, expresa o seu apoio ao Manifesto presentado pola Fundación Secretariado Xitano de Lugo do seguinte teor literal:

“O día 8 de abril, celébrase, celebramos, o Día Internacional do Pobo Xitano.

Hoxe é un bo día para facer escala nesa longa viaxe, deterse á beira da historia, escoitar o seu rumor, e mirala aos ollos coa coraxe da memoria que vai ao rescate da esperanza.

Esa mirada da memoria profunda cóntanos unha historia dun pobo maltratado, perseguido case sen descanso, sen poder tomar alento, ás veces ata o límite, un medo máis aló do medo, un horror máis aló do horror, como ocorreu no Holocausto nazi, do que foron vítimas centos de miles de homes e mulleres, nenos e anciáns, persoas xitanas polo feito de selo.

Hoxe é un bo día para que esa memoria da dor sirvanos para reactivar o tempo presente. Facer balance. Miralo tamén, ao presente, con coraxe aos ollos. Facer as preguntas que un pobo faise cando está en pé. Compartilas con toda a sociedade.

Compartilas con fraternidade, solidariamente, pero sen ocultar ou disfrazar a realidade.

Comprobar en que medida a atmosfera está contaminada aínda de racismo. Como a linguaxe está intoxicado por formas de xenofobia. E como, en moitas ocasións, á discriminación na práctica únese o oprobio, a invisibilidade e a desconsideración. E a ignorancia. A ignorancia que existe sobre a realidade do pobo xitano, e sobre a súa historia e a súa cultura, é a verdadeira causa dos prexuízos que, por desgraza, aínda condicionan a mentalidade de moita xente. Compartilas con fraternidade, solidariamente, pero sen ocultar ou disfrazar a realidade.

Hoxe é un bo día para gritar en romanés *Dosta!*, que significa: Xa basta!

O pobo xitano é parte substancial de España, das súas comunidades, cunha pertenza de séculos. E parte constitutiva de Europa. Máis de doce millóns de persoas que poboan os seus días e as súas noites, que viven e soñan, que coñecen e aman o manuscrito da terra. Que son, en verdade, cidadáns do mundo, que comparten o agasallo da súa cultura, ese patrimonio sublime, ese latexado entrañable da historia íntima da humanidade.

Desde 1971, o pobo xitano ten un himno, que comeza como un andar: Gelem, Gelem... (Andei, andei un longo camiño). E unha bandeira, que ten como símbolo a roda dun carro, outra metáfora da vida como un continuo comezar.


Hoxe é un bo día para seguir e recomezar o camiño.

O día Internacional do Pobo Xitano como un día de compromiso para xitanos e xitanas e para as institucións e a sociedade enteira.

Un bo día para acabar coa suspensión das consciencias. Un bo día para limpar as miradas de prexuízos. Un bo día para limpar a linguaxe de mesquindades. Un bo día para poñer freo, cunha democracia efectiva, ás inxustizas que supoñen unha derrota da humanidade.

Hoxe é un bo día para que os dereitos recoñecidos poidan ser exercidos. Os dereitos do pobo xitano, que son todos e cada un dos dereitos que como cidadáns correspóndenlles. Os dereitos están para exercelos, e se un pobo non pode exercelos é toda a sociedade a que está a ser privada, a que sofre esa subtracción.

É inaceptable que se presente como normalidade un decorado de cartón pedra, que se chame realidade a unha pantalla virtual, se o que hai detrás, cando cae o decorado e apágase a pantalla, é a inclemencia, a maleza social, o prexuízo, a discriminación, o estigma, a mancha da inxustiza como un espello que reflicte a



ACTAS E GOBERNO

CAL/jch

Refª: 17extractoap03

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-3-2017

cegueira de quen non quere vela. Hoxe é un bo día para seguir erguidos o longo camiño andado. Dereito a dereito, liberdade a liberdade.

Un bo día para comprometerse en superar os obstáculos á Educación. Facer da escola e de todo o ensino un espazo querido e amable, onde realizarse como persoas e onde sexa respectada a propia identidade. Un bo día para déixese de falar de chabolismo en España e cada familia xitana teña un fogar e unha vivenda digna.

Un bo día para que se incremente a formación dos traballadores e traballadoras xitanas e póñase fin á discriminación no emprego.

Un bo día para garantir a atención en todos os niveis na sanidade pública.

Hoxe, día 8 de abril, día Internacional de Pobo Xitano, é un bo día para unirmos e compartir a bandeira coa roda da esperanza.”

Asdo.- A Secretaria Xeral do Pleno Accidental, dona Carolina Álvarez López.